

1024 RBF/mcm

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente tramitado para a contratación do servizo incluído no *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local* denominado "XI campaña mañás de campamento. Campamentos que concilian", a adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.

ANTECEDENTES

1. O 14 de maio de 2010, mediante a resolución nº 883, da concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, apróbase o expediente de contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración do servizo denominado "XI campaña mañás de campamento. Campamentos que concilian".

2. Para tal efecto publícanse anuncios con data 18, 25 e 27 de maio de 2010 no diario "La Voz de Galicia" , no DOG e no BOP, respectivamente, ase como no perfil do contratante do Concello, nos que se solicitan ofertas de empresas capacitadas para a súa realización.

3. A Mesa xeral de Contratación, en sesións celebradas o día 14 e 18 de xuño de 2010, analiza a documentación administrativa, e acorda admitir as seguintes ofertas que se presentaron, que corresponden ás empresas:

Empresa
AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.
GESTION CULTURAL AUREA, S.L.
INSULAE INICIATIVAS DE LECER E TEMPO LIBRE, S.L.
INNOVA DESENVOLVEMENTO SOCIOCULTURAL S.L.
OXIGENO GESTION SLNE
HEBE SPORT, S.L.

E non admitir a presentada polas empresas

- TOPYSA, por non acreditar a capacidade suficiente para elo, de acordo co artigo 46.1 LCSP, ao non estar o obxecto deste contrato comprendido dentro dos seus fins, obxecto ou ámbito de actividade, a tenor dos seus estatutos as prestacións
- ANTONIO ALVAREZ VECI, COLECTIVO CATROGATOS, por non ter presentado a documentación solicitada durante o prazo de subsanación.

A continuación procédese á apertura das ofertas técnicas que se presentaron, acordando remitilas ao Comité de Expertos que deberá emitir un informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación, agás os criterios cuantificábeis de xeito automático (oferta económica).

4. Unha vez que se viu o informe que se emitiu o 18 de xuño de 2010 polo Comité de Expertos designado polo órgano de contratación, a Mesa xeral de Contratación, en sesión de 21 de xuño, procede á apertura das ofertas económicas, agás as

presentadas por HEBESPORT, SL e INNOVA DESENVOLVEMENTO SOCIOCULTURAL SL por non acadar a puntuación mínima esixida na Fase I, de acordo co disposto na cláusula 14 PCAP. Logo de analizar as ofertas a Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

Empresa	Puntuación calidade do proxecto técnico presentado	punt precio	Total
GESTION CULTURAL AUREA, S.L.	67,5	10,326	77,826
OXIGENO GESTION SLNE	59,5	10,326	69,826
INSULAE INICIATIVAS DE LECER E TEMPO LIBRE, S.L.	62,5	0	62,5
AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	53,5	1,988	55,488
HEBE SPORT, S.L.	33	--	--
INNOVA DESENVOLVEMENTO SOCIOCULTURAL S.L.	31,5	--	--

A oferta que obtén unha maior valoración é a presentada pola empresa Gestión cultural Áurea SL. Non obstante, ponse de manifesto que a súa oferta está incurso en presunción de conter valores desproporcionados, tal e como son definidos pola cláusula 14.3.1 PCAP, ao ser o prezo ofertado inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Por elo, de conformidade có disposto no artigo 136.3 LCSP, concédeselle un prazo de 5 días a fin de que xustifique a súa oferta.

O 24 de xuño a empresa presenta informe de xustificación do prezo ofertado (nº rexistro de entrada 5804). O 24 de xuño a xefa de servizo de educación emite un informe no que conclúe que analizada a documentación presentada, a oferta pode ser cumprida.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 136 LCSP, a Mesa de Contratación considerando a xustificación efectuada polo licitador e o informe técnico emitido, estima que a oferta máis vantaxosas é a presentada pola empresa Gestión cultural Áurea SL, pode ser cumprida a satisfacción da Administración.

5. O 28 de xuño a secretaria xeral, logo de examinar a documentación que forma expediente de contratación, emitiu a nota informativa 28/2010.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 144 da Lei 30/2007, pola que se aproba a Lei de contratos do sector público (en adelante, LCSP), establece que no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, a adjudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, á vista da proposta da Mesa de Contratación, unha vez que se ponderen os criterios de selección que establece o PCAP.

2. O artigo 135 LCSP establece que o órgano de Contratación acordará a adjudicación provisional en resolución motivada.

3. O expediente foi declarado de tramitación urxente ao abeiro do disposto no artigo 17.2 do Real-decreto lei 13/2009.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado.

SEGUNDO.- Non admitir a proposta presentada polas empresas TOPYSA (ao non ter a capacidade suficiente) e ANTONIO ALVAREZ VECI, COLECTIVO CATROGATOS (ao non presentar a documentación requirida)

TERCEIRO.- Adxudicar de forma provisional a execución do servizo denominado “*XI campaña mañás de campamento. Campamentos que concilian*” a Xestión cultural Áurea SL, co CIF B.36394203, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os criterios de adxudicación que se establecen, fixando o prezo en 70.000,00 €, IVE engadido (65.420,56euros máis o 7% de IVE, 4.579,44 euros). No caso de que se realicen menos campamentos dos previstos ou que a duración destes sexa inferior á que figura no contrato, este prezo verase diminuído en función do número de horas de duración dos campamentos e do número de campamentos celebrados.

CUARTO.- Requirit ao adxudicatario provisional para que, durante o prazo de **10 días hábiles** contados desde o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, presente a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos.

b) Xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, achegando para o efecto copia da carta de pagamento do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

c) Documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

d) Escritura de formalización da Unión Temporal de Empresarios. No caso de que o adxudicatario provisional sexa unha Unión Temporal de Empresarios, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, que debe ter unha duración coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

QUINTO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, en cumprimento da cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, antes da formalización do contrato deberá aboar en concepto de anuncios de licitación as seguintes cantidades:

BOP nº 97 de 27/05/2010 : 141,89 €

DOG nº 97 de 25/05/2010 : 530,18 €

La Voz Galicia de 19/05/2010: 547,52 €

SEXTO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, unha vez que transcorra o prazo que se establece no parágrafo segundo, se non se procedese á adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicataria provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, a Corporación procederá a efectuar unha nova adxudicación provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na valoración, sempre que isto fose posible.

SETIMO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.3 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación provisional no perfil de contratante do órgano de contratación, establecendo o prazo de cinco días hábiles a partir de tal publicación para facilitar información aos licitadores interesados sobre os motivos de rexeitamento da súa proposta e das características da proposta do adxudicatario que foron determinantes na adxudicación ao seu favor.

Contra o presente acto administrativo de trámite, cualificado en canto decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxese o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 28 de xuño de 2010
A proposta de
O xefe de servizo de economía e facenda

Intervido e conforme,
A interventora xeral

Roberto Babío Fernández

Ana M^a Prieto Martínez

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de economía, facenda,
réxime interior e seguridade

Dou fe,
A secretaria xeral

Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP
nº176 , de 1/8/2007)

Pilar M^a Pastor Novo